

**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES QUE REXERÁN O  
CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO, MODALIDADE CONCESIÓN  
ADMINISTRATIVA:**

**PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓNS ANEXAS DO CONCELLO DE  
RIANXO.**

**ÍNDICE**

---

**1. OBXECTO DO CONTRATO**

- 1.1 Calendario
- 1.2 Horarios

**2. DURACIÓN DO CONTRATO**

**3. INVESTIMENTOS**

**4. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO**

- 4.1 A xestión
- 4.2 O mantemento
- 4.3 Limpeza e mantemento hixiénico-sanitario
- 4.4 Servizos
- 4.5 Material deportivo e equipamento
- 4.6 Xestión económica
- 4.7 Atención ó cliente
- 4.8 Normativa de aplicación
- 4.9 Información, imaxe corporativa e publicidade
- 4.10 RR.HH.
- 4.11 Seguros
- 4.12 Colaboración co Concello
- 4.13 Fiscalización do Servizo

**5. DEREITOS DO ADXUDICATARIO (OBRIGAS DO CONCELLO)**

**6. DEREITOS DA ADMINISTRACIÓN**

**7. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

**ANEXO I - PROGRAMA DEPORTIVO MÍNIMO**

**ANEXO II . MODALIDADES DE ACCESO E TARIFAS**

**ANEXO III . RECURSOS HUMANOS**

**ANEXO IV – INVESTIMENTOS**

## 1. OBXECTO DO CONTRATO

---

Servizo Público de xestión, explotación, mantemento, e vixilancia de piscina municipal nas instalacións sitas en Rosalía de Castro, 6A, Rianxo, incluíndo a totalidade dos bens, equipos, zonas, instalacións e espazos obxecto da concesión, que o concesionario deberá incluír no seu plano de xestión e explotación.

Iso inclúe os servizos recollidos no segundo parágrafo da cláusula 1.1. do PCAP.

### 1.1 Calendario

A instalación non debe estar pechada máis que o estritamente necesario por condicionantes do *Decreto 103/2005 Regulamento Técnico-Sanitario de Piscinas de Uso Colectivo da Xunta de Galicia* e/ou por causas de mantemento esencial, baleirado, limpeza e desinfección, podendo preverse a apertura independente do resto de instalacións e servizos (Sala de Actividades, Sala de Fitness, etc).

Prevese un peche de 15 a 20 días no mes de setembro, en datas a concretar en función do calendario anual.

### 1.2 Horarios

Se durante o transcurso da explotación se xerese un aumento das necesidades, analizaríase dita demanda e teríase en consideración de ser pertinente. En calquera caso, o número de horas diarias totais non se poderá variar sen autorización do órgano competente, garantindo, en todo caso, a Administración contratante ao concesionario un período mínimo de apertura, de acordo co seguinte detalle:

Luns a venres:	<ul style="list-style-type: none"><li>○ 7:30 a 13:30 horas</li><li>○ 16 a 22:30 horas</li></ul>
Sábado:	<ul style="list-style-type: none"><li>○ 9 a 13:30 horas</li><li>○ 17 a 20:30 horas</li></ul>
Domingos e festivos	<ul style="list-style-type: none"><li>○ 10 a 13 horas</li></ul>
Festivos especiais: venres de Guadalupe, 25 de decembro, 1 de xaneiro, venres de Guadalupe,...)	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Pechado</li></ul>

Establécese a posibilidade dun horario estival adaptado ás singularidades do verán, sempre coa autorización do Concello de Rianxo.

## 2. DURACIÓN CONTRATO

---

- **84 meses (7 anos)**, prorrogable por **tres anos** ata un máximo de **10 anos**.

## 3. INVESTIMENTOS

---

Non se prevé a realización de investimentos iniciais, se ben establece no Anexo IV deste Prego un catálogo de melloras na instalación, que os licitadores poderán incluír na súa oferta segundo o establecido na cláusula 12 do PCAP. Ditos investimentos, entendidos como melloras ao plan de servizos, serán valorados conforme ao previsto na cláusula 13 do PACP.

## 4. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

---

### 4.1 A Xestión

- Prestar os servizos definidos neste prego, manter abertas ó público as instalacións do xeito e nos días e horarios dispostos pola concesión, ou o acordado con posterioridade.
- Destinar o material e as instalacións exclusivamente ó servizo que se concede.
- O concesionario poderá concertar con terceiros legalmente habilitados prestacións accesorias determinadas ou determinados traballos, circunstancia que debe ser comunicada ó Concello de Rianxo
- Non allear nin gravar ningún tipo de bens afectos á concesión que teñan que reverter ó Concello, salvo autorización expresa do órgano de contratación.
- Contratación dos subministros necesarios para a posta en funcionamento e explotación do servizo.
- Deixar ó remate da concesión, as instalacións e bens a disposición do Concello, dentro do prazo establecido. O conxunto de melloras realizadas nas instalacións, reverterán no Concello así como o conxunto de bens incorporados de xeito permanente á mesma e sen os cales podería perder a súa natureza. Inclúense entre estas todos os investimentos

recollidos na oferta formulada pola empresa. A reversión das instalacións terán que realizarse libres de calquera tipo de carga ou gravame.

- O desaloxo das instalacións terá que producirse no termo improrrogable de 15 días desde o remate do período pactado.
- Responder da calidade técnica na xestión integral das instalacións, así como da Responsabilidade Civil e demais consecuencias que se deduzan para a Administración contratante e para terceiras persoas das omisións, erros, métodos inadecuados na execución dos traballos, actividades e calquera outra responsabilidade derivada do desenvolvemento das tarefas.
- Dispoñer dun plano de xestión que desenvolva os distintos aspectos do servizo: xestión, explotación, mantemento e vixilancia.

#### 4.2 **O mantemento das instalacións**

- O concesionario encargarse do mantemento integral do conxunto de bens indicados no obxecto, entendendo por tal o mantemento preventivo e correctivo, ademais do esixido pola normativa aplicable e os manuais específicos de cada instalación que os teña por imperativo legal.
- Deberá contar cun Plan de revisión e de mantemento (preventivo e correctivo) da edificación, instalacións, espazos e zonas, que de xeito orientativo se relacionan:
  - Todo o que podemos asimilar a paramentos verticais e o que está instalado neles: peches, paredes, valados, cortinas, portas, fiestras...
  - Todo o que podemos asimilar a paramentos horizontais e o que está instalado neles: tellados, teitos, pavimentos, altofalantes, iluminación
  - Todo o que podemos asimilar a paramentos funcionais, e elementos de sistemas que estean instalados: son, megafonía, fontanería, contraincendios, saunas, jacuzzi, maquinaria ximnasio, equipamento informático, de control de accesos, ventilación ximnasio e sala de actividades, enfriadora...
  - A Instalación solar térmica para AQS e climatización de piscina na Piscina Municipal de Rianxo, incluído aqueles elementos da mesma que se atopan fora do edificio (placas solares no teito do pavillón municipal de Rianxo e conducións correspondentes).
- Levar un Libro Inventario cos elementos que xeneren necesidades de mantemento, a súa dimensión ou cuantificación, ubicación, estado de uso, valor... Ás áreas de mantemento a cubrir serán as que, de xeito orientativo, se indican a continuación:
  - Climatización,

- Ventilación
  - Fontanería
  - Electricidade
  - Electrónica
  - Informática
  - Piscina
  - Placas Solares
  - Son
  - Telecomunicacións
  - Prevención de incendios
  - Elementos construtivos
  - Instalacións diversas
  - Elementos diversos (VER). Control de accesos.
  - Material deportivo
  - Limpeza
  - Xardinería
- En todo caso realizaranse operacións de mantemento e/ou de limpeza sempre que por causas xustificadas o determine o Concello de Rianxo.
  - A reposición dos equipos ou instalacións por remate da vida útil dos mesmos, que en ningún caso irá mais alá do determinado ou recomendado polo fabricante ou instalador, segundo o caso, será por conta do adxudicatario, para o cal se habilita a partida de grandes reparacións.
  - Neste último caso, as operacións a realizar determinaranse co acordo da concesionaria e o Concello de Rianxo.

#### 4.3 **Limpeza e mantemento hixiénico-sanitario**

- O concesionario deberá asumir a limpeza ordinaria e extraordinaria de toda a instalación.
- O plano de xestión haberá de conter o plano de mantemento hixiénico-sanitario axustado ás súas características, que incluirá, polo menos:
  - Plan de Limpeza e desinfección.
  - Plan de tratamento de auga nos vasos.
  - Control e almacenamento axeitado de produtos e residuos.

- Plan de formación do persoal encargado das instalacións destas funcións.
- Dispoñer dun Libro de Rexistro Oficial, segundo *Decreto 103/2005, de 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo*.
  - Lectura contadores, con detalle dos metros cúbicos de auga depurada e renovada
  - Utilización de desinfectantes (cantidade e tipo)
  - Incidencias e observacións de interese sanitario se estime oportuno (lavado de filtros, baleirado dos vasos...).

#### 4.4 **Servizos**

- Prestar ó usuario os servizos definidos no ANEXO II do prego de condicións: **servizos deportivos** (*actividades acuáticas, actividades físico-deportivas dirixidas e actividades de musculación/cardiovascular*), **servizos complementarios** e **servizos socio-deportivos**., ademais dos derivados da súa xestión administrativa.
- Autorízase ao concesionario a venda ou alugamento de material relacionado coas actividades ou os programas desenvolvidos. En todo caso, será por conta do concesionario, o cumprimento das obrigas legais e tributarias.
- Autorízase o concesionario a instalación de *vending* para os usuarios.
- A empresa adxudicataria non poderá expoñer á venda ningún tipo de produto dietético, suplementos musculares ou similar, sen previa autorización dos responsables municipais.
- Prohíbese a venda de alcol ou a súa utilización en calquera actividade e/ou servizo da instalación.
- O plano de explotación e organización haberá de conter os proxectos técnicos relativo a ditos servizos, incluíndo:
  - Proxecto técnico das actividades e servizos ofertados
  - Plan de formación do persoal encargado das instalacións destas funcións.

#### 4.5 **Material deportivo e equipamento**

- Será por conta do concesionario a dotación necesaria para a prestación dos servizos.
- Botiquín de primeiros auxilios

#### 4.6 **Xestión económica**

O concesionario está obrigado a sufragar os seguintes gastos:

- Os derivados dos subministros de luz, gasóleo, gas, telefonía, auga comunicacions ou calquera outro de similares características que se puideran producir, así como os servizos de limpeza, recollida de lixo ou outros residuos... En ningún caso poderá figurar a propiedade do edificio como responsable subsidiario do abono destes gastos. Antes do remate do contrato, e como requisito previo para a devolución da garantía definitiva, o concesionario deberá xustificar ante o Concello estar ó corrente de todos estes pagos.
- Os de conservación e mantemento ordinario do conxunto das instalacións.
- Os derivados da vixilancia e control da instalación.
- Os de carácter tributario que se deriven da actividade desenvolvida e con ocasión desta.
- Os que orixine o persoal necesario para a correcta xestión das instalacións e dos servizos deportivos que desenvolvan así como aqueles outros derivados da explotación das instalacións.
- Os de adquisición do material deportivo, uniformes ou doutra índole necesarios para a óptima realización dos programas deportivos, lúdicos, recreativos e de saúde que se desenvolverán nas instalacións.

#### 4.7 **Atención ós usuarios/clientes da instalación**

- Admitir a toda aquela persoa que cumpra os requisitos regulamentarios de acceso.
- Prestar o servizo ós usuarios con estrita igualdade de trato e adoptar cantas disposicións e medidas de seguridade sexan necesarias para evitar toda clase de danos persoais ou materiais.
- Establecer normas hixiénico sanitarias e regulamentación de uso e funcionamento.
- Informar debidamente ós usuarios destas normas e regulamento e velar polo seu respecto e cumprimento.
- Indemnizar a terceiros os danos que poidan irrogarse polo normal ou anormal funcionamento do servizo concedido. Para tal efecto, o concesionario subscribirá as pólizas sinaladas no presente prego.
- Deberá elaborarse un Plan de Atención ó cliente/usuario, que inclúa un protocolo de tratamento de queixas, incidencias e suxestións, así coma un Sistema de xestión da satisfacción dos mesmos.
- O concesionario deberá ter a disposición dos usuarios as follas de reclamacións previstas no Decreto 375/1998, do 23 de decembro.

- Procurar que o persoal das instalacións prodigue un trato correcto e profesional ós usuarios de xeito que se eviten as reclamacións por esta causa.

#### 4.8 Normativa de aplicación

- Decreto 103/2005, de 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico- sanitaria de piscinas de uso colectivo.
- Decreto 742/2013, do 28 de setembro ( BOE nº 244, do 11/10/2013) polo que establécense os criterios técnico-sanitarios das piscinas.
- Corresponde ao concesionario o estrito cumprimento das normas que regulan a seguridade, hixiene e control sanitario de cada unha das instalacións que forman o conxunto do obxecto. Especialmente en materia de piscinas de uso colectivo, auga sanitaria e instalacións deportivas. Ademais, deberá prestar o servizo de salvamento e socorrismo que segundo cada actividade se esixise polas lexislacións sectoriais. En concreto, e no que se refire á actividade das piscinas, deberá ser prestada polo persoal que en cantidade e cualificación profesional esixe o Decreto núm. 53/1989 da Xunta de Galicia, a súa modificación de 20 de abril, Decreto núm. 122/1995, Orde da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais de 23 de maio de 1995, e lexislación concordante. O material necesario para a prestación de primeiros auxilios será, como mínimo, o esixido polo Decreto 53/1989 e demais lexislación concordante.
- Corresponde tamén ao concesionario o cumprimento de toda a normativa que sexa de aplicación vixente para as instalacións e servizos obxecto do contrato.

#### 4.9 Información, Imaxe corporativa e publicidade.

- Deberá figurar en lugar preferente, visible e lexible ao público, un cartel confeccionado conforme ó Manual de Imaxe Corporativa vixente no Concello de Rianxo, indicativo dos seguintes extremos:
  - Denominación da instalación.
  - A titularidade municipal da instalación
  - Características técnicas da instalación e do seu equipamento.
  - Aforamento máximo permitido.
  - Servizos e Actividades físico-deportivas que se ofertan.
  - Nome e titulación das persoas que prestan servizos nela.
  - As taxas vixentes.
  - Normas de uso e funcionamento.



- Cobertura de riscos.
  - Calquera outras circunstancias que se esixan polas normas regulamentarias ditadas en desenvolvemento da Lei do Deporte de Galicia ou da normativa que afecte á instalación.
- En calquera elemento de rotulación e sinalización, así como na denominación das instalacións, terá que constar sempre o carácter municipal destas e o logo do concello.
  - En calquera medio de comunicación, difusión, publicidade das actividades da instalación que realice o adxudicatario, incluíndo páxinas web, fará constar a titularidade municipal desta así como o logotipo institucional do Concello de Rianxo e/ou do Servizo de Deportes, respectándose o Manual de Imaxe Corporativa do Concello.
  - O logotipo da empresa concesionaria poderá aparecer, debendo elaborarse a este respecto un protocolo de utilización conxunta, en relación ó Manual de Imaxe Corporativa do Concello.
  - O galego, como lingua propia do Concello de Rianxo, será a lingua empregada na documentación e no desenvolvemento de todas as actividades e servizos (cursos, información ao público...) que se realicen nestas instalacións. Todos os formularios, rótulos e sinalizacións estarán escritos en galego normativo.
  - Prevese a edición de material de difusión e sinalización en castelán ou outros idiomas, sobre todo en períodos vacacionais e/ou de afluencia de usuarios de fora da comunidade autónoma.
  - O adxudicatario non poderá expoñer, calquera tipo de publicidade ou patrocinio tanto no interior como no exterior das instalacións obxecto da concesión, salvo autorización do Concello de Rianxo e integración ingresos na conta de resultados da explotación.
  - Proporcionar uniformes ó seu persoal, que respecten o exposto neste apartado en materia de imaxe corporativa e despois da aprobación do seu deseño polo órgano competente do Concello.

#### 4.10 Recursos Humanos

- Xestionar o servizo cun cadro de persoal suficiente para o mantemento, como mínimo, dos servizos existentes e/ou ofertados, coas categorías e cualificacións especificadas neste prego, garantindo a seguridade e o cumprimento dos obxectivos técnicos, e cumprindo cos convenios sectoriais vixentes.
- Asumir, con respecto ó persoal que realice os traballos contratados todo tipo de obrigas laborais, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, así como no seu caso fiscais.
- O persoal terá dependencia laboral única e exclusivamente do contratista.

- Dispoñer dun Plan de formación e actualización do persoal.

#### 4.11 Seguros

- Indemnizar a terceiros dos danos que se ocasionen polo funcionamento do servizo. O concesionario deberá subscribir, unha póliza a todo risco polo valor das instalacións. Así mesmo, o concesionario deberá subscribir unha póliza de accidentes e responsabilidade civil por valor mínimo de 400.000,00 €. En ambas pólizas deberase facer mención expresa de que non se poderá cancelar sen o consentimento expreso do Concello de Rianxo

#### 4.12 Colaboracións co Concello de Rianxo

- Poderán establecerse protocolos de colaboración co Concello de Rianxo para o correcto desenvolvemento do programa deportivo establecido no prego de condicións (Anexo I) e para a utilización doutros espazos.
- Ditos protocolos e colaboracións deberán ser cuantificados e incluídas no plan de explotación.

#### 4.13 Fiscalización do Servizo

Establécense os seguintes mecanismos de control e fiscalización do servizo público e especificanse os documentos e operacións xustificativas a presentar pola concesionaria ó Concello de Rianxo:

- Permitir a inspección das instalacións obxecto do concurso cando o dispoña o Concello, e, de observarse algunha deficiencia, estará obrigado a reparala no prazo que se lle ordene.
- Documentos a aportar:
  - O concesionario presentará anualmente, diante da Administración contratante, informe-memoria das actividades e servizos desenvolvidas do ano anterior ou curso.
  - Informar e presentar os proxectos técnicos dos servizos que se van a ofertar na seguinte tempada.
  - Os plans presentados na oferta e que sufriran algún tipo de modificación.
  - O concesionario deberá presentar anualmente unha memoria da conta de explotación do servizo: balance da actividade, conta de perdas e ganancias, estado de orixe e aplicación de fondos.
  - O Concello debe recibir unha copia das incidencias, escritos, reclamacións ou calquera outra comunicación feita polos usuarios, nun prazo máximo de 3 días desde o momento de producirse.

Asemade, no mesmo prazo, recibirá informe das operacións e respostas resultantes.

- O concesionario deberá presentar os contratos de subministro derivados da prestación do servizo.
  - O concesionario deberá presentar os contratos de mantemento das instalacións que por normativa sexan esixibles (climatización, auga sanitaria, sistema contra-incendios, balizamento de emerxencia, etc);
  - O concesionario remitirá informe trimestral de mantemento, que incluíra labores efectuados e diagnóstico-proxección para o seguinte trimestre. Anualmente será presentada unha auditoría técnica que resuma o resultado do ano anterior.
  - Presentar semestralmente ó *Responsable do Contrato* os documentos denominados "TC-1 e TC-2" dos traballadores empregados, ou no seu caso os que os substitúan. O incumprimento das obrigas de Seguridade Social será causa de caducidade da concesión.
- Se o concesionario desexase ofertar algún novo servizo, deberá solicitar á administración contratante o permiso correspondente, especificando as características técnicas deste e as tarifas aplicables.
  - O adxudicatario deberá solicitar autorización ó Concello para realizar calquera tipo de actividade que non sexa, a xuízo dos responsables municipais, a máis axeitada ou específica para o tipo de espazos deportivos integrados no complexo obxecto da concesión.
  - Satisfacer as contribucións, licencias ou tributos que graven o exercicio da actividade.
  - Permitir que en calquera momento os técnicos municipais poidan inspeccionar o estado de conservación de tódalas instalacións, material, e a xestión do servizo. No caso de observarse algunha deficiencia estará obrigado o concesionario a repara-la no prazo que se lle ordene.
  - O director técnico da empresa adxudicataria, estará na obriga de asistir a cantas reunións sexa convocado polo órgano competente do Concello.
  - A concesionaria facilitará o acceso a un equipo informático da instalación con acceso aos programas de xestión de usuarios, contabilidade... utilizados na xestión da explotación.

## **5. DEREITOS DO ADXUDICATARIO**

---

- O uso dos bens de dominio público que son obxecto da concesión, reseñados nos documentos adxuntos.

- Obter a contraprestación económica para manter o equilibrio económico da concesión, no suposto de modificacións do servizo impostas pola Administración contratante, que aumenten os custos ou diminúan a retribución.
- A percepción do importe das tarifas a aboar polos usuarios na prestación de servizo.
- Solicitar a revisión das mesmas, sempre e cando resulte procedente de acordo co previsto neste prego.
- Percibir indemnización correspondente polo rescate de concesión
- Participar na Comisión de seguimento
- A que sexan actualizadas as tarifas.
- Á protección axeitada para a prestación do servizo.
- Propoñer, ao órgano de contratación as modificacións que estime indispensables como melloras na prestación do servizo e non previstas neste prego nin na proposición presentada polo adxudicatario.
- Todos que lle sexan recoñecidos no presente prego, por acordos ou resolucións dos órganos municipais competentes e os que lle atribúe a normativa vixente.

## **6. DEREITOS DA ADMINISTRACIÓN**

---

- Fiscalizar a prestación do servizo, deste xeito poderá inspeccionar as instalacións, material e documentación relacionada co obxecto da concesión.
- Rescatar a concesión por razóns de interese público, segundo as condicións que se establecen neste prego e na normativa vixente.
- Prestar conformidade a toda modificación da plantilla de persoal a empregar.
- Asumir temporalmente a prestación do servizo cando o concesionario non o puidera levar a cabo por circunstancias imputables ou non a el mesmo.
- Ordenar as modificacións no desenvolvemento da xestión que estime oportunas, coa finalidade de mellorar a calidade do servizo, sempre que estas modificacións non teñan repercusión no equilibrio económico-financieiro da concesión.
- Durante cinco días ao ano, o Concello de Rianxo resérvase o dereito a realizar actividades propias do seu servizo de deportes na totalidade das instalacións, trala comunicación ó adxudicatario cunha antelación mínima de vinte días naturais. A concesionaria deberá informar debidamente aos usuarios e colaborar co Concello co persoal que fose preciso para o desenvolvemento de ditas actividades.
- Tódalas facultades que lle atribúe a normativa vixente.

## **7. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

---

A función xenérica desta comisión será velar polo cumprimento dos pregos de condicións, do contrato e, por conseguinte, atender a calquera aspecto relativo á prestación do servizo.

A Administración contratante contará cos seguintes representantes, que participaran na comisión na súa totalidade ou en parte en función do orde do día da reunión:

- o Alcalde – Presidente ou persoa en quen delegue.
- o Concelleiro/a de Deportes
- o Secretario/a Municipal
- o Interventor/a Municipal
- o Arquitecto/a Municipal
- o Técnico/a Municipal de Deportes.

A entidade adjudicataria contará con dous representantes, dos que un deles será o Director ou xerente da instalación. A Comisión reunirse a proposta de parte.

Rianxo, 20 de novembro de 2013.

O Técnico Municipal de Deportes;

Asdo: Ramón Villanustre Ordóñez

## **ANEXO I - PROGRAMA DEPORTIVO**

---

O programa deportivo e de servizos da Piscina Climatizada Municipal basearase na seguinte esquema, co obxecto de atender ós distintos sectores da demanda:

### **1.- SERVICIOS DEPORTIVOS**

Os servizos deportivos diríxense ao global da poboación, presentándose a grella de ofertas en función da idade os cidadáns (grupos obxectivos) e de agrupación dos programas en bloques de contidos:

Os bloques de contidos queren ser unha guía para elaboración da proposta de xestión e reflectiranse no correspondente plan de uso da instalación, que deberá recoller actividades de tódolos bloques, sempre que sexa posible, e respectando o equilibrio entre as xa referidas rendibilidades sociais, económica e deportiva:

**Bloque 1:** *actividades acuáticas*

**Bloque 2:** *actividades físico-deportivas dirixidas*

**Bloque 3:** *actividades de musculación/cardiovascular*

### **Bloque 1: actividades acuáticas**

As actividades acuáticas pódense realizar de maneira individual con entrada puntual ou abono ou ben de forma colectiva coa inscrición de cursos impartidos por monitores. En calquera caso fronte a espontaneidade do usuario á hora de acceder a unha instalación acuática está a imporse, por ese maior coñecemento do beneficio que dá a actividade regulada, o acceder aos cursos ofertados.

Presentamos nunha táboa a grella de actividades para cada grupo de idade:

<b>Bloque 1</b> <b>ACTIVIDADES ACUÁTICAS</b>
---

<b>Bebés</b>	Natación para bebés (6 a 36 meses)
<b>Nenos/as</b>	Natación infantil (de 4 a 14 anos) Natación Escolar

	<p>Natación para persoas con discapacidade</p> <p>Actividades recreativas</p> <p>Actividades puntuais</p>
<b>Mozos/as</b>	<p>Cursos de natación (nos diversos niveis sinalados)</p> <p>Natación escolar</p> <p>Natación para persoas con discapacidades</p> <p>Nado libre</p> <p>Actividades recreativas</p> <p>Actividades puntuais</p>
<b>Adultos</b>	<p>Cursos de natación (nos diversos niveis sinalados)</p> <p>Natación para persoas con discapacidades</p> <p>Aquaerobic e aquagim</p> <p>Natación terapéutica e rehabilitadora</p> <p>Matronatación</p> <p>Natación para as costas</p> <p>Power natación</p> <p>Actividades recreativas</p> <p>Recuperación funcional</p> <p>Nado libre</p> <p>Actividades puntuais</p>
<b>Terceira Idade</b>	<p>Cursos de natación</p> <p>Recuperación funcional</p> <p>Natación rehabilitadora e terapéutica</p> <p>Nado libre</p> <p>Actividades puntuais</p>

A continuación reflíctense as necesidades que teñen que cubrir os diferentes usuarios en función das súas idades. Dada a importancia da demanda deste tipo de instalacións trataremos a poboación escolar en función dos niveis de formación.

Dentro de cada un dos colectivos poderán adaptarse os grupos de idade en función das necesidades, se ben, no relativo ás actividades formativas respectaranse como mínimo catro niveis de aprendizaxe: familiarización, iniciación, aprendizaxe e perfeccionamento:

- **Bebés**

Nenos de entre 6 e 36 meses os cales acompañados dos seus pais ou persoas adultas habitúen ao bebé ó medio acuático favorecendo o seu desenvolvemento psicomotriz e a capacidade perceptiva motriz. Iso ademais debe potenciar os aspectos afectivos e sociais.

Os procesos de aprendizaxe debe ir marcados por unha metodoloxía que se adapte ao grao de asimilación do proceso que presenten tanto os pais como os fillos.

- **Natación para nenos/as entre 4 e 14 anos.**

En xeral os obxectivos débense traducir en seguir coa familiarización coa auga, potenciar as habilidades acuáticas, potenciar un plantexamento educativo, coñecer os diferentes estilos de natación e os deportes acuáticos.

Os aspectos metodolóxicos deben basearse na desenvolvemento das actividades cun carácter integral, onde se consideren as características do neno/a para reforzar a súa aprendizaxe no nivel de obxectivos apuntados.

- **Actividades para xoves e adultos. Maiores de 14 anos.**

O obxectivo principal sería reforzar as habilidades básicas no medio acuático e consolidar a aprendizaxe dos diferentes estilos xa iniciados nas etapas anteriores. A eles se lles unen os obxectivos con finalidades educativas e da mellora da condición física.

A metodoloxía a aplicar responderá ademais de conseguir os obxectivos plantexados a potenciar a participación social por medio dos deportes acuáticos.

- **Maiores de 65 anos (Xerontonatación)**

Son actividades acuáticas dirixidas ós maiores de 65 anos para manter a calidade de vida. É un grupo de idade importante xa que representa o 16,69% da poboación do municipio.

Por tanto o obxectivo fundamental é o mantemento ou mellora da saúde por medio da axilidade corporal, a cal nos vén facilitada por medio de exercicios que reforcen a capacidade cardiovascular e a mobilidade das articulacións. Igualmente dado que con persoas xubiladas é importante que se integren en grupos o cal lles debe facilitar unhas novas relacións sociais no marco dunhas novas dinámicas de grupo.

Desde o punto de vista do método este debe reflectir procesos de adaptación onde é importante unha primeira etapa de iniciación á que seguirá unha de perfeccionamento para finalmente alcanzar a de mantemento.



- **Natación escolar**

A natación escolar vai dirixida de forma regulada aos nenos/as de 6 a 14 anos e ós de secundaria. No marco da natación escolar podemos distinguir os seguintes niveis:

- a) **Natación infantil**

Dirixida a nenos/as de 6 anos, co obxectivo de conseguir a familiarización co medio acuático e alcanzar as habilidades básicas.

- b) **Natación para os alumnos de primaria**

Estes divídense en dous grupos de idades, os comprendidos entre 6 e 11 anos e os que se atopan entre os 12 e 14 anos.

Os primeiros deben continuar adquirindo as habilidades acuáticas básicas e iniciadas nunha formulación educativa a través dunha metodoloxía Lúdica e recreativa. Os segundos, 13 e 14 anos, débeseles completar coa iniciación e perfeccionamento. sobre deportes acuáticos.

- c) **Estudantes de secundaria**

Neste grupo escolar débese insistir no coñecemento das diferentes disciplinas do medio acuático á vez que habitualos a métodos de adestramento e mantemento do estado físico. Todo iso acompañado de técnicas de participación en grupo.

Por último dentro da natación escolar débese contemplar a educación especial, dirixida a alumnos entre 6-14 anos, na cal os diferentes recursos deben determinar a adaptabilidade dos diferentes graos de discapacidade ao medio acuático.

## **Bloque 2: actividades físico-deportivas dirixidas**

As actividades acuáticas deben estar completadas por outras físicas que faciliten a iniciación deportiva e o acondicionamento físico.

As primeiras realizadas baixo a titorización de monitores dirixidos a nenos/as de entre 3 e 12 anos co obxectivo de mellorar as condicións físicas e habilidades para a práctica do deporte en xeral.

As segundas dirixidas a persoas maiores de 14 anos a distintos niveis segundo as necesidades dos usuarios. Entre as actividades propónse o Aerobic, Mantemento, Stretching etc, co obxectivo de desenvolver o ritmo, coordinación, e sincronización musical. Trátase por tanto de actividades aeróbicas que pretenden mellorar ou manter o estado físico e mental xeral do usuario e que xa están recollidas dentro do plan de actividades Municipais.

Neste bloque sinálase a necesidade de complementar e coordinar a oferta da nova instalación coa xa existente noutras instalacións municipais. No tocante á sala de actividades, diferenciarémola en varias zonas principais: cardiovascular, peso libre, de máquinas, de estiramientos e de actividades dirixidas.

**Bloque 2**

**ACTIVIDADES FÍSICO – DEPORTIVAS DIRIXIDAS**

<b>Nenos/as</b>	Aerobic infantil ...
<b>Mozos/as</b>	Actividades Aeróbicas (maiores 16 años) Aerobic step ...
<b>Adultos</b>	Actividades Aeróbicas (maiores 16 anos) Aerobic e steps Body pump ... Ximnasia de mantemento Stretching Recuperación funcional
<b>Terceira Idade</b>	Ximnasia de mantemento Recuperación funcional ...

### **Bloque 3: actividades de musculación/cardiovascular**

#### **Bloque 3**

#### **MUSCULACIÓN / CARDIOVASCULAR**

<b>Adultos</b>	Orientada ó Mantemento Físico  Como actividade física complementaria a outras actividades deportivas.  Rehabilitación e prevención de lesións
<b>Terceira Idade</b>	Tonificación Muscular para a terceira idade

As salas de musculación tiveron unha gran aceptación nos últimos anos, sendo considerada a tonificación muscular como unha das actividades máis completas e beneficiosas para todo tipo de persoas, independentemente do seu sexo ou idade. Este tipo de actividades, dirixidas e organizadas por profesionais do sector, son ideais para mellóraa do aparello locomotor activo e dos sistemas cardiovascular e respiratorio, fundamentalmente.

#### ○ **Mantemento físico e posta en forma**

A musculación como actividade física, permítenos aumentar a calidade de vida xa que nos faculta para gozar dun maior benestar físico. Os programas de tonificación muscular axudarannos a mellorar a nosa forza, o ton muscular; a reducir os niveis de graxa, a optimizar a corrección postural e en definitiva, a acadar un estado de forma xeral satisfactorio.

#### ○ **Actividade física complementaria**

O adestramento con pesas mostrouse como o complemento ideal da maioría das actividades deportivas, grazas á posibilidade de localizar o traballo naqueles grupos musculares máis implicados no deporte en concreto. Tamén temos a posibilidade de traballar aqueles músculos que menos interveñen na actividade e cuxo inferior desenvolvemento pode provocar problemas de disimetrías e desequilibrios musculares no deportista, causa directa de lesións.

#### ○ **Rehabilitación e prevención de lesións**

Un plan de musculación estudado, personalizado e dirixido por profesionais, pode ser unha das mellores ferramentas para previr as lesións e acelerar a súa recuperación.

- **Tonificación muscular e terceira idade**

## 2.- *SERVIZOS COMPLEMENTARIOS*

- **Programa de actividades de mellora da calidade de vida**  
*Revisión médica, asesoramento e seguimento aos usuarios (equipo médico, fisioterapeutas...)*

- **Outros servizos:** *Jacuzzi, Sauna, Baño Turco, masaxe, máquinas expendedoras...*

## 3. -*SERVIZOS SOCIO – DEPORTIVOS*

Elaborarase un programa de servizos puntuais para a mellora do clima de relación entre usuarios e entre estes e os profesionais da instalación (andaina, BBT...).

## **ANEXO II – MODALIDADES DE ACCESO E TARIFAS**

---

### **A.- MODALIDADES DE ACCESO E TIPOS DE USUARIOS**

A continuación descríbense os distintos tipos de usuarios e, polo tanto, de accesos que darán dereito a utilizar os servizos que se detallan en cada un deles.

#### **SOCIO-ABONADO**

Créase o concepto de socio-abonado con cota mensual , o cal ten o dereito a utilizar sempre que o desexe calquera dos servizos. Isto inclúelle:

- Piscina Climatizada: baño libre nas rúas destinadas para tal uso (sempre como mínimo haberá 3 rúas de uso libre), sen límite de tempo nin días.
- Zona SPA e zona relaxación.
- Sala de Fitness.
- Actividades físico-deportivas dirixidas
- Ademais ten prioridade e nas actividades acuáticas, de saúde, etc, cunha **redución de tarifa de mínima do 50%**

#### **CURSILLISTA**

Este usuario é aquel que asiste á instalación regularmente porque está inscrito a unha actividade acuática dirixida con monitor, e que unha vez finalizada esta abandona a instalación. Só ten acceso á súa actividade, nos días e horas contratadas e o resto de servizos non lle entran na súa cota.

#### **USUARIO POR LIBRE (ENTRADAS)**

Este usuario é aquel que asiste á instalación esporadicamente e que accedendo coa compra dunha entrada ten dereito a utilizar por libre a piscina. O seu acceso efectúase a través da compra dunha entrada puntual.

### **B.- TARIFAS**

Os prezos públicos que se establecen a continuación recollen potencialmente todos os servizos e actividades que está previsto realizar inicialmente nas Instalacións Deportivas de Rianxo. Como habemos de considerar a inclusión de diversos tipos de servizos e actividades a prestar nas instalacións, hai que establecer unha categoría de prezo en cada concepto creado. Os prezos públicos establécense en distintas categorías:

#### **Cotas de inscrición**

Todo usuario que ingresa na instalación e inscríbese por primeira vez como socio-abonado ou se apunta a algunha das actividades acuáticas que se ofertan, abonará unha cota en concepto matrícula polos custos administrativos de inscrición.

Do mesmo xeito, aquela persoa que cause baixa abonará unha cota de excedencia no momento de reincorporarse polos custes administrativos do tratamento da baixa e alta.

Ditas cotas serán as seguintes:

<b>MATRICULA ABONADO</b>	<b>25,56 €</b>
<b>INSCRICIÓN CURSILLISTA NON ABONADO</b>	<b>20,45 €</b>
<b>EXCEDENCIA</b>	<b>25,26 €</b>

### **Socio-Abonado**

Establecen diferentes categorías de socios-abonados en función da idade e da situación familiar. Esta cota, de carácter anual, poderase aboar mensual, semestral ou anualmente, e será domiciliada obrigatoriamente.

Ditas cotas serán as seguintes:

<b>Inscrición adulto</b>	<b>25,56 €</b>
<b>Individual menor de idade</b>	<b>16,35 €</b>
<b>Familiar</b> <i>(unidade familiar con fillos menores de idade)</i>	<b>30,66 €</b>
<b>Suplemento por fillo estudante entre 18 e 24 anos</b> <i>(asociado a abonado a bono familiar)</i>	<b>9,19 €</b>
<b>Individual para Colectivos con características especiais:</b> <i>Individual xubilado, pensionistas, persoas con discapacidades, persoas en situación de desemprego e outras situacións de escasos recursos (previa valoración Servizos Sociais municipais).</i>	<b>12,26 €</b>
<b>Matrimonio</b> de persoas pertencentes aos colectivos con características especiais.	<b>18,39 €</b>

### **Entradas puntuais e reservas**

Establécense os prezos para o acceso por libre para distintas categorías de idade.

<b>ADULTO</b>	<b>5,10 €</b>
<b>COLECTIVOS ESPECIAIS * E INFANTIL</b>	<b>3,05 €</b>

Tamén se crean prezos para as reservas-aluguer da piscina a distintos clubs e asociacións, sen considerar acordos particulares con clubs determinados.

<b>Uso dunha rúa da piscina 1 hora</b>	<b>21,46 €</b>
<b>Uso da piscina para competicións</b>	<b>297,45 €</b>

### Actividades acuáticas

Establécense os prezos para as distintas actividades acuáticas a ofertar. A diferenciación económica non se establecen en función do tipo de actividade (iniciación, perfeccionamento, terapéutica ...), se non en función do número de sesións á semana e á idade no caso dos bebés. O prezo das actividades acuáticas establécense con carácter mensual, independentemente da duración do cursoño.. **Aos socios-abonados realízaseles un desconto de ata 50% en todas as actividades acuáticas.**

	<b>ABONADOS</b>	<b>NON ABONADOS</b>
<b>Infantil e mozos/as</b>	<b>PRECIO/MENSUAL</b>	
1 día/sem	9,19 €	18,39 €
2 días/sem	17,38 €	34,76 €

### **Adultos**

1 día/sem	9,19 €	18,39 €
2 días/sem	17,38 €	34,76 €
3 días/sem	24,53 €	49,07 €

### **Bebés**

1 día/sem	12,26 €	24,53 €
-----------	---------	---------

### ***Cursos intensivos verán***

Quincena (1 sesión diaria)	18,39 €	36,80 €
----------------------------	---------	---------

### **Outros prezos**

Exponse outros prezos para servizos complementarios como coa posibilidade de acollerse a un seguro médico de accidentes (voluntario), agarra como cotas por devolución de recibos.

<b>Seguro médico accidentes</b> (voluntario)	<b>22,00 €</b>
<b>Devolución de recibos</b>	<b>1,50 €</b>

### **OUTRAS ACTIVIDADES NON CONTEMPLADAS**

Establecese a posibilidade de programar outras actividades, previa autorización municipal e aprobación das tarifas correspondentes.



### **ANEXO III - RECURSOS HUMANOS**

Establécense os posibles postos que pode haber en función do proxecto deportivo, tendo en conta que se deberá dotar á instalación de persoal cualificado e suficiente para a execución de dito proxecto, garantindo a calidade do servizo e atendendo á normativa vixente e a criterios de calidade como a *ratio* monitor/alumno.

Nas ofertas, presentarase o organigrama do servizo e o cadro de persoal.

<b>Posto</b>	<b>Cualificación/s Técnica/s</b>	<b>Experiencia</b>
Director/a da Instalación	Licenciado/a en Educación Física ou Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Especialista en Xestión Deportiva	Xestión Pública e/ou Privada. 3 anos.
Coordinador de Actividades	Licenciado/a en Educación Física ou Ciencias da Actividade Física e o Deporte.	
Persoal de administración e recepción	Auxiliar, Técnico o superior. Coñecementos de informática e mecanografía.	
Socorrista	Titulación de Socorrista Acuático. Titulación Federativa de Monitor de Natación.	
Monitor Deportivo	Ciclos FP da familia da Actividade Física e Deportiva. Diplomado / a en Educación Física Titulación federativa. Cursos de formación especializada.	
Monitor Fitness	Ciclos FP Diplomado / a en Educación Física Titulación federativa. Cursos de formación especializada.	
Fisioterapeuta	Diplomado en Fisioterapia Cursos Formación Especializada	
Operario de Mantemento	Técnico FP relacionado con climatización e frío industrial Electricidade	



**Dilixencia:** Este Prego aprobouse por  
acordo plenario do 26/12/2013.  
A Secretaria Xeral

Operario de Limpeza	Sen Titulación Específica	
------------------------	---------------------------	--

## **ANEXO IV – CATÁLOGO DE MELLORAS**

---

### **1.- VESTIARIOS**

1.1. Revestimento de chans de vestiarios, con plaqueta de gres antiesvarante das mesmas características ou similar ao existente na praia da piscina, recibidas con adhesivo C1T s/EN-12004, arrexuntado con morteiro tapaxuntas CG2 s/EN-13888 r incluso xuntas de dilatación e retracción seladas con polisulfuro, incluída xunta curva entre paramentos verticais e pavimento.

*Superficie aproximada: 240 m<sup>2</sup>*

1.2.- Porta abatible de paso de aluminio anodizado na súa cor, das mesmas características que as existentes, incluído levantamento de portas e cercos existentes, ferraxes, accesorios, montaxe e remate de albanelería.

*Unidades: 9*

1.3.- Tabique de ladrillo cerámico oco dobre 24x11,5x8 cm, para la ampliación hasta o teito dos paramentos verticais que delimitan os vestíbulos de los vestiarios e as divisións entre vestiarios e entre estes e outras zonas comúns, recibido con morteiro de cemento, i/ replanteo, aplomado. Parte proporcional de andamiaxes e medios auxiliares. Alicatado con azulexo branco das mesmas características que o existente, recibido con adhesivo C1 ,incluído enfoscado de morteiro, p.p. de cortes, ingletes, pezas especiais, arrexuntado con adhesivo CG1 .

*Superficie aproximada: 40 m<sup>2</sup>*

1.4 Ampliación do sistema de calefacción á zona de vestiarios.

### **2.1.- VESTÍBULO**

2.1.- Compartimentación do vestíbulo respecto do andar inferior, con mampara de aluminio, anodizado en color natural para acristalar, composto por perfís similares á carpintería exterior existente, con acristalamento con vidro temperado *Securit* incoloro, fixado sobre a carpintería con acuñado mediante calzos de apoio perimetrais e laterais y selado en frío con silicona incolora incluso cortes de vidro e colocación de xunquillos, porta abatible de vidro temperado sen marco, incluso ferraxes, freo e pechadura de aceiro inoxidable, con chave e manivela, instalada, segundo NTE-FVP

*Superficie aproximada: 40 m<sup>2</sup>*

2.2.- Burlete automático para montar baixo a porta existente entre vestíbulo e terraza apto para portas de aluminio, con apertura cara o interior ou o exterior. O perfil e soporte-guarnición ten un mecanismo con dobre muelle, con descenso secuencial controlado ao lado del pulsador de mando, para permitir a auto-nivelación automática ao chan. Incluída instalación

*Unidades: 1*

2.3.- Portelo motorizado para situar no corredor de acceso á piscina, que permite el acceso en ambos sentidos de paso tanto peonil estándar como el acceso de minusválidos, persoas con mobilidade reducida así como el paso de mercancías. Portas de metacrilato reforzadas con dos barras de aceiro inoxidable ancho fabricado a medida. Chasis fabricado en aceiro inoxidable Con sistema de emerxencia que permite que las portas queden abertas para realizar unha evacuación en casos de emerxencia ou para facilitar una saída masiva de persoas como por exemplo ao remate dun evento ou espectáculo deportivo. Incluído lector, terminal o sistema de control de accesos

*Unidades: 1*

### **3.- SALA DE ACTIVIDADES**

3.1.- Instalación completa de cadeira salva escaleiras para tramos rectos con velocidade 0,12 m/s, carga máxima de 130 kg., e potencia 370 W, formada por mando de movemento, parada de emerxencia, raíl de perfíles de aluminio, cadeira dotada de asento xiratorio, reposapés con goma estiesvarante, instalado, con probas e axustes.

*Unidades: 9*

3.2.- Pavimento deportivo de tarima mediante el sistema de clips, formado por táboas macizas machihembradas de 22 mm. de espesor en madeira de faia, lixada, acoitelada e vernizada en fábrica, con verniz de isocianato e man final con verniz de resina de poliuretano antiesvarante, fixadas entre si mediante clips de unión, apoiado sobre una lámina de polietileno expandido de 10 mm. de espesor, e acabado na testa cunha goma *rubberband*. Incluída desmontaxe do pavimento existente.

*Superficie aproximada: 85 m<sup>2</sup>*

### **4.- SALA DE MÁQUINAS**

Tabique de ladrillo cerámico oco dobre 24x 11,5x 8 cm, en peche de vaso de compensación incluído enfoscado de morteiro e pintura. Incluída porta metálica de acceso.

*Superficie aproximada: 5 m<sup>2</sup>*

### **5.- PISCINA**

5.1.- Cascada en aceiro inoxidable AISI 316 L, completamente instalado e en funcionamento (incluído cadro eléctrico, bomba, fontanería, pulsador pneumático).

*Unidades: 2*

5.2.- Canón de aceiro inoxidable AISI 316 L, completamente instalado e en funcionamento (incluído cadro eléctrico, bomba, fontanería, pulsador pneumático).

*Unidades: 1*

## 6.- SAUNA

Substitución de revestimento de madeira no interior de la sauna, con madeira das mesmas características que a existente.

*Superficie aproximada: 35 m<sup>2</sup>*

**DILIXENCIA.-** Que estendo eu, Secretaria Xeral do Concello, para facer constar que o presente Prego de cláusulas, cos seus anexos, está composto de 29 folios, numerados e rubricado por min.

Rianxo, decembro de 2013

A Secretaria Xeral

Carolina Costoya Pardo